

## E se es ti quen maltrata?

- Deixa inmediatamente de molestar aos demais
- Pensa se a ti che gustaría ser maltratado
- Pensa que podes estar cometendo un delito e que podes ser castigado por iso.




Agredir aos teus compañeiros faille moito dano a eles, pero a ti tamén te fará sentir mal.

Controla os teus impulsos e cambia de comportamento.

## Se non maltratas pero observas ou coñeces algún tipo de maltrato...

- Non cales nunca diante do maltrato a outros compañeiros.
- Non participes no maltrato de ningún xeito.
- Apoia ao neno ou nena maltratado.
- Denúncias ante os profesores ou profesoras para que impidan que se siga dando.



Maltrato  
entre compas?  
Nin de broma!



CEIP DE MONFORTE  
(Colexio Novo)

Emilia Casas Baamonde s/n  
27400-MONFORTE (Lugo)

Tl. e fax: 982 400 442

E-mail: [ceip.monforte@edu.xunta.es](mailto:ceip.monforte@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte>


# Que é o maltrato entre iguais?

O maltrato entre iguais consiste en facerlle dano a un compañeiro ou compañeira de xeito repetido e intencionado.



Coñécese tamén co nome de **Bullying** ou **Acoso escolar**.

Non lle fagas aos demais o que non che gustaría que che fixesen a ti



Cando vexas que alguén sofre, ponte na súa pel e pensa como te sentirías ti nesa mesma situación

# Tipos de maltrato entre iguais



**Físico:** empurróns, patadas, puñadas, beliscos, malleiras, dentadas,...

**Verbal:** insultos, burlas, alcumes, menosprezo e humillacións en público...

**Psicolóxico e social:** rexeitamento, illamentos, ameazas, chantaxes, propagación de falsos rumores, roubo, deterioro ou roubo das cousas dos demais...



# Que debo facer ... se son vítima de maltrato?

Se estás sufrindo maltrato, se algún compañeiro da clase ou do cole che fai dano cada día, pide axuda canto antes:

- Aos teus pais.
- Á tía titora ou ao teu titor.
- Ao profesor ou profesora coa que teñas máis confianza.
- A un amigo teu para que llo diga a alguén no teu nome.



Pedir axuda non é acusar, é denunciar para que deixen de facerche dano.